



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2020 12:11:17

SAIDA 16568/20



Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 108/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 9 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 9 de Outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Secretaría Xeral de Igualdade, sobre a redacción do proxecto técnico de Abramos o Círculo, programa aprobado e convido pola Xunta có Colexio de Psicoloxía e que contén a súa fundamentación, obxectivos, técnicas, recursos, medios de avaliación, seguimento dos usuarios, etc. e os resultados da avaliación do programa e seguimento dos usuarios que garanten a eficacia do mesmo e a xustificación da continuidade do convenio.

O interesado comunica que non recibiu resposta expresa á súa solicitude

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 22 de outubro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Igualdade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 26 de outubro de 2020.

Terceiro.- Con data do 17 de decembro de 2020, ten entrada oficio remitido pola Secretaría Xeral da Igualdade co que remite diversa documentación referente á solicitude, así como copia do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia , Administración Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e complementariamente a outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, así como comunicacións entre o solicitante e a Secretaría Xeral da Igualdade

A Secretaría Xeral da Igualdade informa que o programa pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía e que a solicitude de acceso á información foi derivada dende a Secretaría xeral ao citado Colexio Oficial, por carecer na Secretaría da información de carácter técnico solicitada, sendo ademais o Colexio o responsable do tratamento dos datos do Programa, tal e como se reflicte no Convenio asinado ao efecto.

Segundo o seguimento realizado dende a Secretaría xeral da Igualdade, n Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, xa tiñan constancia da solicitude pois dende febreiro de 2020 o interesado remitiu numerosos correos electrónicos aos que o Colexio manifestou ter dado resposta en todas as ocasións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Secretaría Xeral de Igualdade non respondeu expresamente á solicitude de acceso á información presentada polo interesado con data do 29 de agosto de 2020, polo que debe admitirse esta por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a unha información ante a Secretaría Xeral de Igualdade, sobre un proxecto técnico aprobado pola Xunta de Galicia no marco dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía, proxecto que contén a fundamentación, obxectivos, técnicas, recursos, medios de avaliación, seguimento dos usuarios e os resultados da avaliación dun programa denominado Abramos o círculo.

De acordo coa información remitida pola Secretaría Xeral da Igualdade, o programa sobre o que se solicita a información é un programa elaborado polo Colexio Oficial de Psicoloxía, do

que a Secretaría carece da información técnica solicitada, e no que ademais figuran datos de carácter persoal do que o dito Colexio é responsable.

O artigo 19.4 da Lei 19/2013, establece que cando a información obxecto da solicitude, aínda obrando en poder do suxeito ao que se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou en parte principal por outro, remitiráselle a solicitude para que esta decida sobre o acceso.

Consta na documentación enviada pola Secretaría Xeral a remisión da solicitude ao Colexio Oficial e a súa comunicación ao interesado, así como o seguimento da solicitude realizado pola Secretaría, segundo o cal dende o Colexio ao [REDACTED] se lle deu resposta en todas as ocasións.

De acordo co anterior, ao terse dado adecuada resposta por parte da Secretaría Xeral da Igualdade a unha solicitude de acceso a información elaborada por outro, neste caso por un colexio profesional, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 9 de outubro de 2020, de acceso á información ante a Secretaría Xeral de Igualdade, sobre a redacción do proxecto técnico "Abramos o Círculo".

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:39:12 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.